



**Lois Pérez** (Lugo, 1979) foi xogador profesional de fútbol sala dende os dezasete aos trinta anos, chegando a xogar o Mundial Universitario de Brasil 2000 coa selección española. É mestre do ensino público dende 2005. No eido da normalización lingüística, ten coordinado diversos proxectos de innovación educativa que resultaron pioneiros e multiplemente premiados.

No da dramaturxia, gañou un dos Premios de Teatro Radiofónico do Diario Cultural da Radio Galega cunha obra dirixida e adaptada por Quico Cadaval, e colabora ocasionalmente co grupo de teatro Pinchacarneiro, para persoas con diversidade funcional.

Como narrador oral e contador de historias intervén de xeito habitual nunha chea de foros, dende congresos literarios até xornadas máis lúdicas, dende universidades até cárceres, mesmo no recente Festival Internacional de narración oral Atlántica 2018, canda narradoras/es de medio mundo.

Xerais publicou en novembro de 2017 o seu poemario *Long Play*, que vai xa pola segunda edición. Escribe habitualmente no Táboa Redonda, suplemento cultural do Progreso de Lugo e do Diario de Pontevedra. Colabora coa Sección de Literatura de tradición oral da AELG. Ademais, é cronista ocasional da revista de rock and roll Ruta 66 e locutor de rock and roll en *openradio.es*.

*Isto é o meu país como un tesouro baleiro  
a sede sen auga e a auga sen o mar  
e a terra sen os brazos as noites sen abrazos  
un outono sen nubes andoriñas sen ar  
un labrego sen azos un río sen barqueiro  
con Hades e sen soños e velas sen veleiro  
e recordos sen memoria e noites sen historia  
namorados sen tardes e sentir que ardes así  
isto é o meu país coma un tesouro baleiro  
unha tristeza muda e resignada e a ollada vencida  
un cego en dirección prohibida unha rúa poeirenta  
unhas mans gretadas sen luvas unha ira sen as uvas  
un poeta no exilio un mudo berrando auxilio e así:  
isto é o meu país coma un tesouro baleiro.  
E os vellos morrendo e o tempo doendo  
os novos marchando e as escolas pechando  
perderte e botarte de menos unha praza sen nenos  
un libro sen ler un filme sen misterio  
unha oda ao tedio e un verán sen loucura  
a caricia sen dozura un Estar sen o Ser:  
isto é o meu país coma un tesouro baleiro.  
Isto é o meu país.*



(LOIS  
PÉREZ)

Luns 19 de marzo  
20:30

ÁGORA

[www.centroagora.es](http://www.centroagora.es)

Poetas  
Di(n)versos  
2018



Frank Báez







Considerado un dos máis renovadores e interesantes autores de Centroamérica, **Frank Báez** (Santo Domingo, 1978) é un poeta, narrador e cronista dominicano. Até a data é autor dos poemarios *Postales* –que foi galardoado co Premio Nacional de Poesía Salomé Ureña–, *Llegó el fin del mundo a mi barrio* e *Este es el futuro que estabas esperando*.

A editora exipcia Sefsafa publicou unha antoloxía da súa poesía en tradución ao árabe e, pola súa banda, a estadounidense Jai Alai books editou en inglés *Anoche soñé que era un DJ*. En Madrid publicou a plaquette *Jarrón y otros poemas* así como o libro artesanal *La Marilyn Monroe de Santo Domingo*, que contén estampas do artista Nono Bandera. Pero Báez ten tamén publicado prosa. Así, dentro da súa faceta narrativa contamos a colección de contos *Págalas tú a los psicoanalistas* –que obtivo o Premio Internacional de Cuento Joven da Feira Internacional do libro no ano 2007– e, no apartado de non ficción, tres crónicas longas que poden atoparse reunidas no volume *La Trilogía de los Festivales* e mais na compilación de crónicas *Lo que traje el mar*.

Frank Báez desempeñase como editor da revista *Global* e coeditor da revista de poesía *Ping Pong*, sendo ademais fundador e membro do proxecto de spoken word *El Hombrecito*. Foi seleccionado coma un dos 39 mellores escritores de ficción menores de corenta anos de Latinoamérica polo Hay Festival, na súa edición de Bogotá 39 – 2017.

#### LLEGÓ EL FIN DEL MUNDO A MI BARRIO

*Llegó el fin del mundo a mi barrio  
sin que a nadie le importara.  
Mis padres tenían puesto CNN  
esperando el boletín especial.*

*Los liquor stores y los cyber cafés  
siguieron abiertos hasta tarde.  
Nadie comprendía las señales.  
Hasta la mujer que vio la silueta  
de La Virgen de la Altagracia  
en el cristal delantero de su jeepeta  
fue al car wash a lavarla.*

*Nadie se percató que aquel caballo blanco  
que arrastraba una carreta de naranjas  
era del apocalipsis.*

*Moteles y bingos estaban abarrotados.  
Las evangélicas que con sus panfletos  
habían anunciado tanto el fin  
se fueron a la cama temprano.*

*No cortaron las líneas de teléfono.  
Ni se llevaron el agua y la luz.  
Nadie vio las estrellas que caían del cielo.*

*Para cuando el arcángel Miguel sonó la trompeta  
el partido de los Yankees  
iba por el octavo inning.*



(FRANK  
BÁEZ)

Luns **19** de marzo  
20:30

ÁGORA

[www.centroagora.es](http://www.centroagora.es)

Poetas  
Di(n)versos  
2018

Lois Pérez

